CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio

Deputación DA CORUÑA

EMPRESA
Xanela Ocio amplía os seus servizos para a clientela da contorna P4

COMARCA
Os Coidados Porta a Porta visitan os concellos da comarca P17

LECER
O Cire remata unha temporada exitosa e ilusionante con dous equipos ascendidos P21

ENTREVISTA

José Ramón Villamor, Xoiería Oro Ley P23

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XVII - Nº 197. Xullo 2022. Distribución gratuíta

ASETEM e Verbena FM firman un convenio de colaboración para promocionar Melide

A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide firmou este luns un convenio de colaboración coa emisora de radio Verbena FM.

Grazas a este acordo entre as dúas entidades os comercios, establecementos e empresas asociadas a ASETEM Centro Comercial Aberto contan cunhas condicións especiais para publicitarse en Verbena FM, na frecuencia modular 89.70 para a zona de Santiago. Un convenio que permitirá promocionar toda a oferta comercial da vila. P10

Froito Novo celebra os seus 50 anos en activo

O grupo melidense Froito Novo celebra o próximo 6 de agosto cun concerto moi especial os seus 50 anos de historia. Unha formación pola que pasaron moitos músicos da comarca. P20

Medalla de ouro para o persoal sanitario e social

Melide celebrou o pasado 30 de xuño o día do seu patrón, San Pedro. Con motivo houbo un especial recoñecemento para todo o persoal que traballou en primeira liña para minorar os efectos da pandemia. P13

Editorial

O dereito ao aborto

Despois de 49 anos, Estados Unidos -unha das principais potencias a nivel mundial- derroga o dereito ao aborto a través dunha sentenza do Tribunal Supremo do país, no que se recolle: "é hora de facer caso á Constitución e devolver a cuestión do aborto aos representantes elixidos polo pobo".

Viñeta na que dúas mulleres falan sobre o dereito ao aborto. / Foto: I. Morgan

Parece impensable que un dereito polo que loitaron millóns de mulleres en todo o mundo durante anos se puidera botar abaixo tan facilmente pola decisión -política- de dez persoas. O aborto debería ser un servizo de saúde básico para as mulleres, a interrupción do embarazo ten que ser unha decisión da propia embarazada. O feito de que se prohiba o aborto en diferentes Estados de Norteamérica non implica que non os vaia haber, esta decisión só implica que as mulleres que decidan abortar o fagan de maneira menos segura, con todos os riscos que isto implica para a saúde das embarazadas. É máis, os abortos inseguros son a terceira causa máis habitual de morte materna do mundo e dan lugar a cinco millóns de discapacidades, en gran medida evitables. A Organización Mundial da Saúde calcula que todos os anos realízanse 25 millóns de abortos inseguros, a gran maioría en países en vías de desenvolvemento. Estes datos confirman a necesidade do dereito a un aborto seguro, sen que as mulleres teñan que acudir a clínicas nas que as condicións nas que se practica non son as adecuadas.

O dereito internacional dos dereitos humanos dio claro, "toda persoa ten dereito á vida, á saúde e a non sufrir violencia, discriminación nin tortura e tratos crueis". Os dereitos humanos especifican que as decisións sobre o noso corpo son só nosas, o que se recoñece como "autonomía física".

A derrogación do aborto sucede nun país como Estados Unidos onde o mesmo Tribunal Supremo consagra o dereito a levar armas en público. Un dos argumentos que usan para a prohibición do aborto é o de defender a vida pero, ao mesmo tempo, permiten que a poboación vaia armada pola rúa cando cada mañá nos levantamos con noticias de tiroteos e mortes por armas en Norteamérica, parece, canto menos incoherente. Derrogaríase o aborto de ser un dereito dos homes?

Tribuna de opinión

Poñer barreiras ao desperdicio alimentario

Xunta Directiva de ASETEM - CCA

Consellos para reducir o desperdicio alimentario. / Foto: eufic

O Consello de Ministros vén de aprobar o proxecto de lei contra o desperdicio alimentario que trae varias novas coas que pretende poñer freo aos millóns de quilos de comida e bebida que os fogares tiran cada ano ao lixo. En España, segundo datos do Goberno, no 2020 foron 1.364 quilos, 31 por persoa. Unhas cifras escandalosas cando as comparamos cos dous millóns e medio de habitantes máis que se atopan en risco de exclusión social dende a chegada da pandemia e a posterior crise. Algunhas das medidas contempladas neste proxecto de lei para evitar o desperdicio alimentario son: por unha banda, na hostalería deben ofrecerlle á clientela levarse as sobras de forma gratuíta e en envases aptos reutilizables; nos supermercados, aplicaranse unha serie de boas prácticas para aproveitar a vida útil dos alimentos, tres exemplos: dispoñer dunha liña de venta de produtos "feos", promover o consumo de produtos de tempada e incentivar as vendas de produtos que caduquen dentro de pouco.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Lorena Vidal
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 **E-mail:** info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Latexo Logopedia, Abeancos, IES de Melide e Vanesa de Quinzán
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Imprenta Meligraf
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....12
- COMARCA.....17
- CULTURA E LECER.....18
- COLABORACIÓNS.....22
- ENTREVISTA.....23

GAÑADORES E GAÑADORAS DOS PREMIOS DA NOITE ABERTA

As persoas gañadoras do sorteo de cinco vales de 100 euros para gastar no comercio local asociado a ASETEM - CCA. Esta sorteo levouse a cabo durante o concerto de Tania Veiras, imaxe da asociación empresarial, e o grupo melidense Leirabuxo; despois da Noite Aberta celebrada dentro da Semana Branca da campaña As Cores de Asetem. / Fotos: Cerne



LIMPIEZA Y DESINFECCIÓN AMBIENTAL
CONTRA EL CORONAVIRUS

Debido a la declaración del brote de coronavirus como pandemia global por parte de la Organización Mundial de la Salud, desde PLAGOSTEL queremos ayudarle a mantener las dependencias de sus instalaciones libres del virus COVID-19

Plagostel
N.R.S. [0177-GAL-SPO]
calidad e higiene alimentaria

Contacte con nosotros, podemos ayudarle
986118714 – 698179968
pedidos@plagostel.com

REPORTAXE XANELA OCIO

“Recuperouse o 80% do nivel de traballo previo á pandemia”

Unha mesa doce preparada por Xanela Ocio para un aniversario. / Foto: Xanela Ocio

Un dos inchables da empresa nun evento coa monitora. / Foto: Xanela Ocio

Xanela Ocio é unha empresa de animación, ocio e tempo libre situada en Melide que busca ampliar os seus servizos para ofrecer o mellor á súa clientela.

Como para o resto de traballadores e traballadoras do sector, o verán é a época máis forte de traballo por moitos motivos. Por unha banda, as crianzas non teñen escola polo que as familias necesitan unha ferramenta de conciliación que lles permita desenvolver a súa actividade laboral. Xanela Ocio ofrece durante toda a tempada estival campamentos para que os nenos e nenas de entre 3 a 14 anos desfruten do verán dun xeito diferente. Pola outra banda, os eventos recupéranse tras o parón da pandemia, polo que as actividades de animación nas celebracións son cada vez máis demandadas porque “mentres os adultos se divirten saben que así os cativos e cativas van estar ben coidados, entretidos e poden así relaxarse sen ter que estar pendentes deles nun día especial”, comenta a responsable de Xanela Ocio, Anabel Lopez. Como complemento a estas actividades de animación para as crianzas nesta empresa de ocio contan tamén con mesas doces e carriños larpeiros, un servizo que nos últimos meses aumentou a súa demanda de xeito considerable, que consisten en mesas ou carros decoradas con variedade de lambetadas para as crianzas e as persoas adultas. Este é o segundo ano que Xanela Ocio conta con este servizo no que as persoas que o contratan poden decidir absolutamente todo, dado que elixen a decoración -contan con variedade de temáticas- e tamén os doces e larpeiradas que poñen para comer.

No eido dos eventos e celebracións o traballo contratado este ano aumentou de maneira considerable con respecto ao ano pasado. De feito, “este verán hai moitos eventos atrasados e pódese dicir que hai o dobre de servizos contratados con respecto ao 2021. Eu antes da pandemia non tiña a empresa pero falando con outros compañeiros e compañeiras cóntanme que o 80% do nivel de traballo anterior á pandemia se recuperou, o que é unha moi boa noticia para un sector que foi un dos máis afectados polas restricións e medidas implantadas durante a pandemia”, comenta a súa responsable.

A actual xerente de Xanela Ocio colleu o temón da empresa pouco antes de que a pandemia chegara para poñernos a vida patas arriba, o que sumado a súa xuventude fixo que esta aventura fora, especialmente nun principio, “duro pero gratificante, mais sempre digo que se lle pos ganas a un proxecto acaba saíndo”, afirma Anabel López. Outra das características nas que a xerente de Xanela Ocio fai fincapé e que non pode faltar no seu día a día é a organización, “é imprescindible organizarse ben porque ten moitas cousas, hai fins de semana que precisas que a organización sexa moi boa”.

Actualmente, un dos grandes problemas do eido empresarial que a maioría dos sectores teñen en común é a falta de persoal para traballar. O mundo da animación e o ocio non é unha excepción, xa que “hai moita demanda para facer os cursos do noso pero logo á hora de contratar a xente atópaste con que non hai. Ademais, nestes momentos é moi difícil encontrar unha persoa con ganas e que se implique de cheo no traballo porque no noso sector hai que coidar moito a imaxe é imprescindible”, fai fincapé Anabel López.

Para empresas como Xanela Ocio a mellor publicidade é o boca a boca da clientela, “deixar un traballo ben feito pode supoñer máis contratacións porque uns falan con outros e se quedaron contentos contigo vante recomendar. Tes que intentar facer todo o mellor posible que xa se sabe que non somos perfectos pero é importante facelo o mellor que se poida”, afirma a xerente do negocio.

Como en calquera traballo ou actividade profesional hai cousas boas e outras que non o son tanto, pero Anabel López ten claro o que é o mellor do seu: “as crianzas son, sen dúbida o mellor de traballar como animadora de tempo libre, o estar en contacto cos nenos e nenas pequenas para min é o mellor que hai. É certo que é un traballo que esixe paciencia porque traballar con eles non é fácil pero para min é marabilloso. Non obstante, as crianzas para traballar disto téñenche que gustar porque senón é imposible”.

A maiores dos servizos xa comentados con anterioridade, en Xanela Ocio pódense contratar animacións con mascotas, é dicir, monitoras disfrazadas dalgúns dos personaxes máis coñecidos do mundo dos debuxos animados e películas infantís. Nesta empresa tamén organizan festas temáticas para todos os gustos, xa sexa para celebrar un aniversario ou outro evento. Neste eido contan con ampla variedade de temas polo que as crianzas poderán escolmar o que lles gusta.

Ademais, unha vez que remate o verán, durante o curso escolar, dende Xanela Ocio ofrecen actividades deportivas e de ocio como: risoterapia, pilates, ximnasia de mantemento, Jumping, zumba, ilustración, bailes de salón ou TRX.

Para as persoas interesadas en contratar algún destes servizos ou consultar máis información sobre eles poden chamar ao número 622 10 54 50, e pescudar nas súas redes sociais para ver algunha imaxe dos traballos que levan feito durante estes anos.

Aberto o prazo para solicitar as subvencións para asociacións de comerciantes e a súa dinamización

Pilar López, xerente de ASETEM, durante a reunión da axuda. / Foto: Cerne

Aberto o prazo de solicitude para as axudas ás asociacións de comerciantes para a dinamización dos Centros Comerciais Abertos da comunidade autónoma.

Esta subvención de concorrencia non competitiva, subvencionará os primeiros expedientes enviados completos ata o esgotamento do crédito.

As actuacións que entran na axuda son os proxectos que teñan por finalidade a dinamización e revitalización dos CCAs, mediante as seguintes actuacións, realizadas efectivamente e pagadas entre o 01/11/2021 e o 31/10/2022: mantemento do marketplace, dinamización comercial e fidelización da clientela.

Mantemento do marketplace, o investimento máximo é de 1.250 euros. O marketplace debe reunir as características técnicas relacionadas na Orde da axuda e non estar integrados nunha plataforma conxunta. A participación dos comercios no marketplace será sen custe para estes.

Dinamización comercial: dende campañas de promoción ata iniciativas de dinamización na rúa, coa participación directa dos establecementos asociados e organización de feiras de oportunidades ou eventos de promoción comercial. Nesta partida serán subvencionables os seguintes pasos: servizos externos para o deseño e posta en marcha da iniciativa; aluguer de medios técnicos (carpas ou similares, son, imaxe,...); seguro de responsabilidade civil da campaña; publicidade en medios (prensa, radio e televisión), directamente vinculada coa campaña; material de promoción e difusión da campaña (cartelería, folletos, vídeos e material promocional en liña e para as redes sociais); e por último, agasallos de promoción directamente asociados a unha actividade concreta de dinamización e vinculados a unha venda, co límite de 1.500 (tramo c), 3.000 (tramo b) ou 5.000 (tramo a), segundo o tramo de comercios asociados no que se atope o Centro Comercial Aberto.

Fideliazación da clientela: loxística e-commerce, gastos de envíos en liña realizados por empresas loxísticas externas, dende o comercio asociado ao domicilio particular da clientela. Como é obvio, os gastos de envío non poden repercutir nos compradores. Tíckets de aparcamento vinculados a unha tenda, cun investimento máximo de 10.000 euros. Aplicación de fidelización (puntos de descontos ou similares). Unidade xerencial, custo de persoal (salario e seguridade social do xerente) e de funcionamento. Só serán subvencionables as unidades xerenciais naqueles proxectos que inclúan, como mínimo, 6 actividades de dinamización comercial durante os meses de novembro a setembro. Investimentos máximos de diversos gastos da unidade xerencial: material de oficina, 1.250 euros; asesoría externa, 1.250 euros; teléfono e internet, 1.500 euros.

Investimentos máximos subvencionables: no tramo a, 65.000 euros para os Centros Comerciais Abertos que teñan 100 ou máis comercios asociados; no tramo b, 55.000 euros para CCAs con entre 70 e 99 establecementos; e por último, 40.000 euros para os de entre 50 e 69 comercios. Do investimento máximo subvencionable, un mínimo do 50% destinarase a dinamización comercial, fidelización e marketplace, e un máximo do 45% para a unidade xerencial.

ASETEM - CCA presentará a axuda dentro do tramo b, dado o número de establecementos asociados cos que conta na actualidade.

O Goberno do Estado prorroga ata fin de ano as medidas do plan de choque polos efectos da guerra en Ucraína

O presidente do Goberno nunha declaración institucional. / Foto: Moncloa

O Goberno do Estado prorroga tres meses as medidas do plan de choque polos efectos da guerra en Ucraína, a cal xa leva activa máis de catro meses e sen perspectivas optimistas de rematar.

Entre as medidas do plan de choque máis destacadas están: a bonificación de 20 céntimos por litro de combustible para toda a poboación ou limitar ao 2% a actualización dos prezos dalgúns alugueres. A estas iniciativas únense tamén as aprobadas en Consello de Ministros e Ministras do pasado 25 de xuño que son: o incremento dun 15% das pensións non contributivas e do ingreso mínimo vital, unha rebaixa do IVE da tarifa da luz do 10% ao 5%. Unha medida que irá da man coa rebaixa do imposto especial da electricidade ao 0,5% e a suspensión do imposto de produción eléctrica. O presidente do Goberno, Pedro Sánchez, anunciou que o plan de choque incluirá axudas para as familias, a industria e as empresas, en particular para aqueles "sectores máis afectados, como o transporte ou a actividade primaria", fixo fincapé Sánchez.

Ademais, a administración estatal tamén prevé outras medidas enerxéticas como o reforzo da norma que penaliza os beneficios extraordinarios das eléctricas. As estimacións feitas polo Goberno prevén que esta penalización xunto co tope do prezo do gas, na chamada excepción ibérica, permita rebaixar entre un 15% e un 20% da factura eléctrica.

A situación económica actual, na que a inflación parece non tocar teito e xa imos no 10,2%, o nivel máis alto dos últimos 37 anos. Estes datos tradúcense nun custe da vida cada vez maior, o prezo dos alimentos e carburantes non deixa de medrar, de feito o diésel subiu un 40% dende que Rusia invadiu Ucraína e a gasolina fíxoo un 32%. Esta evolución á suba da inflación débese, por agora, "principalmente, á subida dos prezos dos carburantes, maior este mes que en xuño de 2021, así como os alimentos e bebidas non alcohólicas, fronte á estabilidade rexistrada no ano anterior", apuntan os técnicos do INE. Pola conta, os salarios mantéñense, o mínimo interprofesional segue nos 1.000€ mensuais, e os gastos diarios increméntanse, isto provoca un menor poder adquisitivo e que cada vez custe máis, sobre todo, ás familias con menos recursos, chegar a fin de mes.

ASETEM - CCA participa na asemblea xeral do GDR Ulla Tambre Mandeo deste ano

Rodrigo Fernández con outros asistentes á asemblea da entidade. / Foto: GDR

ASETEM - CCA participa na asemblea xeral do GDR Ulla Tambre Mandeo deste ano. Nesta ocasión foi o vicepresidente da entidade empresarial, Rodrigo Fernández, o encargado de asistir a esta reunión para representar ao comercio local da vila.

A xuntanza, levabada a cabo o pasado 30 de xuño, tratou de fixar os obxectivos para os próximos anos do GDR Ulla Tambre Mandeo, repasar as actividades e iniciativas realizadas pola entidade durante o último período e un tempo de rogos e preguntas. Tal e como comenta Rodrigo Fernández, nesta asemblea "acordouse, entre outras cuestións, a prioridade de apostar por un novo período leader para levar a cabo o deseño dunha nova estratexia de desenvolvemento rural para os vindeiros anos" e que esta iniciativa consiga repercusións positivas e beneficiosas para o territorio que abrangue este GDR. O vicepresidente de ASETEM - CCA fai fincapé en que a asociación empresarial da comarca da Terra de Melide sempre está "a carón dos novos proxectos de emprendemento e na mellora dos existentes na zona".

Na asemblea xeral tamén participaron representantes das administracións municipais das comarcas implicadas e directivos doutras asociacións, dado que todas estas institucións forman parte da entidade.

Neste Grupo de Desenvolvemento Rural colaboran os Concellos de: Melide, Santiso, Toques, Sobrado, Vilasantar, Boimorto, Arzúa, O Pino e Touro. Dende esta entidade xa se realizaron máis de 1.200 proxectos para apoiar e potenciar o medio rural da zona.

Comezan as rebaixas de verán no comercio de proximidade

Unha das tendas de Melide cos carteis das rebaixas. / Foto: Cerne

Comezan as rebaixas de verán no comercio de proximidade da vila con grandes descontos en todo tipo de produtos.

Os establecementos locais teñen todo preparado para esta nova tempada de rebaixas, na que hai diferentes tipos de artigos a prezos irresistibles para que as compradoras e compradores poidan levar os produtos por un mellor prezo. Polo tanto, a veciñanza e visitantes xa contan cun novo motivo para visitar os pequenos comercios da vila.

Durante este período de rebaixas pódense atopar descontos de entre un 10% ata un 50% en produtos seleccionados. Unha nova campaña que as comerciantes esperan que teña boa acollida entre os usuarios.

A Xunta alerta dos riscos físicos e psicosociais da hiperconectividade aos dispositivos electrónicos

Varios consellos para facer un bo uso no posto de traballo dos dispositivos electrónicos. / Foto: ISSGA

A Xunta de Galicia alerta dos riscos físicos e psicosociais da hiperconectividade aos dispositivos electrónicos nun curso impartido polo Instituto de Seguridade e Saúde Laboral da comunidade autónoma galega (ISSGA).

Durante o webinario, o ISSGA presentou a nova campaña 'Emprego dos dispositivos electrónicos portátiles' coa que se quere incidir na prevención dos danos físicos e psicolóxicos asociados ao uso continuado destas ferramentas dixitais de traballo, así como evitar as consecuencias, mesmo aditivas, da hiperconectividade.

A utilización continuada do móbil incrementa a exposición a riscos adicionais, tanto a nivel físico como psicolóxico, apuntan dende o ISSGA. Dende esta institución tamén defenden que, como calquera equipo de traballo, "debe incluírse na avaliación para establecer as oportunas medidas de prevención.

O ISSGA afirma que é aconsellable facer un uso "racional e controlado" dos dispositivos electrónicos no eido laboral. Ademais, aconsellan que cando se usen o móbil se faga co mesmo á altura dos ollos e manter unha postura física neutra, cos pés apoiados, as costas rectas e cun soporte lumbar. Por outra banda, o feito de que as pantallas dos celulares sexan máis pequenas, fai aconsellable, tal e como indicaron os técnicos, adaptar a luz ambiental. Tamén é correcto manexar o aparello coas dúas mans, evitar dobrar excesivamente a boneca ou empregar micrófonos ou auriculares, evitando molestias físicas. Con esta iniciativa, o ISSGA quere facer un chamamento á prevención.

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

ÓPTICAStábora

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E. 15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

ENTREVISTA PAZO EIDIÁN

“Se as previsións se cumpren melloramos os niveis previos á pandemia en aloxamento”

Os xardíns e parte das instalacións do Pazo de Eidián, situado en lugar Eidián, 5 (Agolada). / Foto de arquivo

- Todo parece apuntar a que este verán os establecementos turísticos van ter uns bos números de reservas.

- Ludi Lamela: Si, as previsións para este verán son boas, é certo que sempre se pode mellorar pero son boas porque estamos traballando, sobre todo, o que é a parte de aloxamento e non a restauración. De feito, xa temos varios días nos non podemos facer máis reservas porque está todo completo, unha boa mostra do traballo desta tempada.

- O voso público obxectivo é o peregrino?

- (L.L): Si, o noso establecemento está moi enfocado aos peregrinos. É máis, o 80% das reservas que temos son de persoas que están facendo o Camiño de Santiago e o 20% restante de turistas nacionais. No caso dos peregrinos temos tanto de procedencia estranxeira como do Estado, en porcentaxe sería un 50% - 50% aproximadamente.

- Segundo as previsións que mes vai ser o máis potente?

- (L.L): Sen dúbida agosto, éo sempre. O mes de agosto é o período de vacacións por excelencia.

- Recuperastes os niveis previos á pandemia?

- (L.L): Este ano xa podemos dicir, se vai todo e como está previsto, que se chegou aos niveis do 2019 e incluso se melloraron os datos porque a pandemia, o estar encerrados durante tanto tempo e desa maneira fixo que a clientela preferira decantarse polo turismo rural. Este turismo leva uns anos en auxe porque moitas persoas seguen preferindo estar en sitios con menos xente, aireados e moi en contacto coa natureza. Ademais, a gran maioría das reservas son de grupo grandes, moitos que veñen facendo o Camiño de Santiago, o que axuda a completar o copo de habitacións dispoñibles moito antes e dun só golpe.

- Vai ser esta unha tendencia pasaxeira ou veu para quedarse?

- (L.L): Todo é cíclico pero penso que a preferencia polo turismo rural se vai asentar un tempo porque son hábitos que se van manter e prolongar durante un período máis longo.

- Como levades a parte dos eventos e da restauración?

- (L.L): Actualmente non o estamos traballando moito porque o restaurante é bastante pequeno, ten capacidade para 70 persoas entón xa sería para bautizos e comuñóns porque por aquí as vodas soen ser de máis xente entón nestes momentos só estamos dando servizo de restaurante ás persoas aloxadas no Pazo. Non obstante, esta situación non é por falta de demanda porque chámannos moitas parellas para vir facer aquí o convite, especialmente, dende que se queimou o restaurante A Cabaña (en Palas de Rei). Polo tanto, estamos facendo algunha celebración pequena que nos encaixa nas instalacións pero como che comento non é algo ao que agora nos estamos dedicando especialmente. Estamos moi centrados nos aloxamentos para peregrinos e turistas.

- Tedes unhas instalacións e espazos espectaculares, descríbenolas.

- (L.L): Contamos con 12 habitacións dobres e 2 delas son suites, nestas últimas collen unha cama de matrimonio e outra supletoria, moi empregadas por familias con nenos pequenos. Logo, no exterior, contamos cun xardín moi amplo no que poder desconectar e desfrutar da natureza, unha piscina e dúas pistas de pádel. Estes dous servizos só o poden empregar as persoas que están aloxadas no Pazo.

- Que é o que máis valora a clientela?

- (L.L): Pois hai diferenza dependendo de se é clientela nacional ou estranxeira. No caso dos turistas nacionais valoran máis a funcionalidade, que a comida estea boa, a comodidade e o trato do persoal. Pola contra, a clientela estranxeira valoran moito o patrimonio do Pazo, a propia historia das instalacións e a súa estrutura. De feito, pregúntanos moito pola súa historia e o patrimonio da comarca, máis alá do Pazo.

- Coa suba xeral dos prezos cres que co remate da tempada alta haberá un freo importante de reservas?

- (L.L): Eu confío en que o Camiño de Santiago siga a ser un tirón forte e nos xubile a todas (risas). Teño moita esperanza en que o Camiño siga en auxe, agás que veña outra pandemia, e continúe este tipo de turismo porque é moi diverso. Dentro dos peregrinos hai dende xente que o fai por relixión como outra que é a atea pero lle gusta facelo. Non obstante, coa suba dos prezos penso que a hostalería galega vai ter que subir as tarifas pero isto tamén vai axudar a non masificar. Hai que ter en conta que os marxes cada vez son máis cativos polo que non vai quedar outra máis que subir os prezos dos servizos. De todas maneiras, dentro de España, Galicia aínda é unha comunidade autónoma das máis baratas pero pouco a pouco vanse subir os prezos. De feito, creo que se vai tender tamén moito ao autoservizo para evitar pagar o custe que supón un soldo e polo problema de atopar máis persoal, especialmente, para as épocas de máis traballo como é o verán.

Unha das habitacións do Pazo de Eidián. / Foto de arquivo

Subvención da Xunta de Galicia para investimentos en equipamentos post-covid dos establecementos hostaleiros

Beneficiarios:
Traballadores autónomos, microempresas, pequenas e medianas empresas, do sector da hostalería (hoteis, hostais, casas rurais, albergues turísticos e outro tipo de aloxamentos, restaurantes, bares e outros establecementos de restauración), que teñan autorizado ou clasificado o establecemento para o que solicitan a subvención no REAT e que non foran beneficiarios desta subvención no 2021.

Quedan *excluídas* expresamente as vivendas de uso turístico.

Gastos subvencionables: serán aptos os gastos realizados entre o 01/01/2022 e o 31/10/2022 nos seguintes conceptos:

- Sistemas domóticos, control de distancias, optimización de procesos, portas e consignas automáticas, controis de acceso, renovación de aire, sistemas de climatización e softwares de control asociados.
- Cartelería, rotulación, sinalización e actuacións vinculadas a elas.
- Equipamento de apoio ou difusión no control da pandemia (medidores CO2, ionizadores, dispensadores, etc).
- Reformas orientadas á creación de espazos que suxiran maior amplitude (cores claras, incorporación de espellos, etc), que non sexan obras de mantemento do establecemento.
- Envoltorios e material dun só uso, co límite máximo do 10% dos gastos totais subvencionables.
- Procesos de desinfección realizadas por empresas con motivo da COVID, que non teñan a consideración de gastos de limpeza ordinaria.
- Novo equipamento de hixienizado e lavado.
- Novo equipamento para novos produtos, presentacións ou métodos de conservación.
- Equipamento multiservicio.

Contía: o importe máximo será o 90% do investimento, de como moito 50.000 euros por beneficiario.

Prazo de solicitude: ata o 01/08/2022, ou esgotamento do crédito.

Esta axuda é de concorrencia non competitiva, polo que se subvencionarán por orde de presentación os expedientes completos máis rápidos, ata o esgotamento do crédito.

Aberto o prazo para solicitar o Bono Alugueiro para a mocidade de entre 18 a 35 anos

Unha moza mirando os carteis dunha inmobiliaria. / Foto de arquivo

Aberto o prazo para solicitar o Bono Alugueiro para persoas de entre 18 a 35 anos das vilas e cidades da comunidade autónoma.

As rapazas e rapaces beneficiarios deben ter os seguintes requisitos: ter entre 18 e 35 anos; ser titular ou estar en condicións de subscribir un contrato de aluguer de vivenda, de habitación ou de cesión de uso, en calidade de alugueira ou cesionaria; dispoñer dunha fonte regular de ingresos -acreditar unha vida laboral de alomenos 3 meses nos 6 meses anteriores á solicitude, ou ben, unha duración prevista de ingresos de 6 meses dende a solicitude; dispoñer de rendas anuais, incluídos os das persoas coas que se conviva, iguais ou inferiores a 3 veces o IPREM (24.318,84 euros), terase en conta os ingresos do 2021; e por último, que a vivenda ou habitación constitúa (ou vaia constituír) a residencia habitual e permanente da persoa que solicita o bono.

A renda máxima da vivenda alugada debe ser de entre 400 e 600 euros dependendo do municipio onde estea situada. No caso de Melide, Santiso, Toques e Sobrado o máximo é de 450 euros. A contía será de 250 euros mensuais, co límite da renda ou, de convivir varias persoas, do importe que lle corresponda satisfacer á persoa beneficiaria. A axuda concederase por un prazo de 2 anos e o recoñecemento do dereito á axuda poderá retrotraerse á data do 01/01/2022.

O prazo de solicitude para o programa bono alugueiro da comunidade autónoma para a mocidade remata o próximo 31 de outubro ou no momento no que se esgote o crédito.

Baixan os datos de parados co comezo da tempada estival

As oficinas de Emprego na vila de Melide. / Foto: Cerne

Co comezo da tempada de verán baixan os datos de parados na comarca da Terra de Melide.

En total na comarca son vinte e sete persoas paradas menos que no mes de maio. Se o desglosamos por municipios, en Melide é onde se produce unha baixada máis significativa, dado que son vinte e catro as persoas paradas menos; no concello de Toques só unha traballadora máis; en Sobrado son dúas as persoas que atopan emprego; e, en Santiso nin aumenta nin descende a cifra do paro.

Con estes datos temos en total: 303 parados en Melide, 45 en Santiso, 25 en Toques e 40 no municipio de Sobrado. Estas cifras son as mellores do que vai de ano, o que indica unha tendencia de baixada continuada do paro.

ASETEM - CCA e Verbena FM firman un convenio de colaboración

Membros do equipo directivo de ASETEM - CCA e Verbena FM na firma do convenio. / Foto: Cerne

A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide firmou este luns un convenio de colaboración coa emisora de radio Verbena FM.

Grazas a este acordo entre as dúas entidades os comercios, establecementos e empresas asociadas a ASETEM Centro Comercial Aberto contan cunhas condicións especiais para publicitarse en Verbena FM, na frecuencia modular 89.70 para a zona de Santiago. Esta emisora tamén se pode escoitar fóra de Galicia, dado que conta cunha aplicación a través coa que poder escoitar os contidos de Verbena FM a calquera hora e en todos os lugares.

Para as persoas responsables dos negocios da contorna que estean interesados en coñecer as condicións para publicitarse en Verbena FM poden chamar ao 981 50 61 88 ou ó 698 13 23 24, ou ben acudir ás oficinas de ASETEM - CCA en horario de 10:00 a 12:00 da mañá.

Este convenio supón unha nova oportunidade para promocionar o comercio, a hostalería e as empresas de Melide nunha emisora que está en auxe e conta xa con miles de oíntes por toda a comunidade autónoma e incluso fóra.

Dende a directiva de ASETEM amósanse satisfeitos con este acordo porque supón un beneficio para os asociados e asociadas. Ademais, os directivos da asociación animan aos socios e socias a unirse a esta nova iniciativa.

ESTE MES *LATEXO LOGOPEDIA* CÓNTACHE...”

XENÉTICA E LOGOPEDIA

Cristina Fernández Barros
Nº col. 15/0099

latexo logopedia
Rúa Rosalía de Castro, 3 Melide

A cor dos ollos, do pelo, a altura, o tamaño das mans ou dos pés e calquera característica física, estará condicionada pola xenética. Esta é a combinación dos xenes dos nosos proxenitores que van condicionar que sexamos cariotipo XX (habitualmente identificado co sexo feminino) ou cariotipo XY (habitualmente identificado co sexo masculino). Por outra banda, as alteracións xenéticas (mutacións que aparecen nos xenes no momento de formación dos gametos) poden modificar capacidades máis complexas (linguaxe, memoria, atención, intelixencia, etc.). Incluso a herdanza xenética condiciona outros elementos máis sutís da nosa identidade como a forma de sentir, o noso carácter e a nosa percepción sobre o estado de saúde.

Esas mutacións ou alteracións xenéticas, darán como resultado algunhas patoloxías nas que deberá actuar a logopedia. De feito, nos estudos de grao en logopedia (e previamente no plan de diplomatura) as alumnas contan cunha materia referida á xenética na que se estudan as posibles mutacións, en que xenes se producen e cales son as manifestacións que resultan, coñecendo as alteracións máis habituais que despois poderán atopar en consulta.

O exemplo máis evidente de relación entre xenética e logopedia podería a trisomía do par XXI, coñecida como Síndrome de Down. Esta síndrome caracterízase por cara aplanada, especialmente na zona nasal, ollos con forma de améndoa e rasgados cara arriba e pescozo curto. A maioría das persoas con esta síndrome teñen deterioro cognitivo entre leve e moderado e presentan alteracións na linguaxe e na memoria, e poden presentar afeccións cardíacas e intestinais.

As alteracións na linguaxe e o deterioro cognitivo están presentes noutras alteracións xenéticas nas que deberán intervir as logopedas. Tamén poden aparecer problemas para realizar as funcións orofaciais (deglutición, succión ou mastigación) que serán tamén intervidos polas logopedas. Casos deste tipo serían patoloxías como: Síndrome de Noonan, Síndrome de Mobius, Síndrome do X Fráxil, Síndrome de Patau, Síndrome de Edwards, Síndrome de Prader- Willi, entre outros moitos. Incluso, tense demostrado que a xenética pode xogar un papel relevante na presenza de trastornos do neurodesenvolvemento como no caso do TEA.

Neste caso, estamos a falar de alteracións conxénitas que serán diagnosticadas xa no período neonatal ou na primeira infancia. Recibirán atención logopédica probablemente dende o nacemento ou de maneira temperá pero debemos ter en conta as alteracións xenéticas que mostran sintomatoloxía máis tardiamente e que afectan tamén á poboación en idade adulta. Dentro deste epígrafe poderiamos incluír as ataxias, as distrofias musculares, a fibrose quística ou a corea de Huntington e serán patoloxías que cursen con alteracións nas mesmas funcións que no período neonatal e de infancia, e que a logopeda deberá intervir sobre as mesmas.

Desta maneira, a xenética será a encargada de diagnosticar o trastorno e establecer o pronóstico e a logopedia de valorar e intervir sobre as alteracións en múltiples áreas (linguaxe, audición, deglutición, mastigación, succión, etc.) e velar pola calidade de vida da persoa e que se reduzan ou eliminen, na medida do posible, os hándicaps presentes no día a día.

Teléfono:
642 007 210

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS
TERRA DE MELIDE

31 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Os Concellos afectados e a Xunta acordan pedirlle ao Goberno a retirada do novo mapa de concesións

Os alcaldes e alcaldesas dos concellos reunidos na xuntanza coa conselleira de transportes. / Foto: Xunta de Galicia

Os Concellos afectados e a Xunta de Galicia acordan pedirlle ao Goberno do Estado a retirada do novo mapa de concesións de autobús, o que supón unha gran redución das paradas no rural galego.

Os alcaldes e representantes dos municipios afectados por esta nova lei do Ministerio de Transportes reuníronse coa conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, e outros responsables da administración autonómica.

Unha vez acadada unha postura común, Vázquez comentou que a Xunta solicitaría na Conferencia Nacional de Transportes a retirada do mapa de concesións de transporte de viaxeiros por estrada, dado que "todos os galegos teñen dereito a un transporte público de calidade que garanta a igualdade de oportunidades e que contribúa a reducir as emisións e o consumo de combustible", afirma a conselleira de mobilidade.

Os alcaldes, alcaldesas e representantes dos Concellos asistentes á xuntanza fixeron fincapé na cantidade de veciñanza que se vería afectada de entrar en vigor este novo mapa de concesións, xa que no rural son moitas as persoas que empregan o transporte público para acudir a revisións médicas no hospital, realizar xestións de diferentes índoles e para acudir ao centro de ensino. A maiores da poboación das vilas, os representantes municipais e a Xunta tamén puxeron de relevo o forte impacto deste recorte nos Camiños de Santiago, onde varias vilas quedarán sen parada. Neste eido apuntaron a supresión de 76 servizos interiores e de deixar de prestar de xeito directo 1.100 rutas de autobús, o que supón que os paxeiros se verán obrigados a facer transbordos.

Dende a administración autonómica lamentan esta iniciativa estatal nunha comunidade como a galega, cunha enorme dispersión e cun notable envellecemento, que fan preciso o aumento da capilaridade do transporte. Ademais, subliñan nesta reunión que este mapa está deseñado unicamente para os grandes contornos metropolitanos e ignorando as necesidades do rural, recortándolles servizos e, en consecuencia, afondando nos motivos do seu despoboamento.

A responsable de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta comenta "a incoherencia que supón reducir a oferta e a calidade do transporte público no momento en que máis o necesitan os cidadáns polo incremento do prezo dos combustibles".

Vázquez conclúe que dada a importancia do transporte público en Galicia, a Xunta non pode aceptar o novo mapa estatal de concesións de transporte público nin o anteproxecto de lei de mobilidade sostible. A conselleira criticou esta norma dicindo que responde a un modelo que prioriza a mobilidade metropolitana e os criterios económicos.

A administración local responsabiliza á Consellería do estado actual dos terreos

A administración local melidá afirma nun comunicado que "a responsabilidade exclusiva do actual estado dos terreos é da Consellería de Medio Ambiente".

Todo isto comezou hai un mes coa publicación nos medios dunha sanción de 78.000€ imposta pola Consellería antes mencionada ao Concello de Melide por abrir dúas gabias que modificaron unha canle de regadío e por depositar lixo nunha parcela de titularidade municipal.

Dende o Consistorio comentan que o día dos feitos, o alcalde acudiu ao lugar acompañado polo Presidente da Asociación de Troiteiros do Río Furelos, o arquitecto técnico municipal e a Policía Local, quen realizou as pescudas correspondentes identificando á persoa que manifestou ser o autor das gabias. Logo, o Concello retirou o lixo dos terreos, polo que a sanción pasou de 9.000€ a 3.000€.

"É evidente que non existiu conduta omisiva ningunha do Concello que poda ser obxecto de sanción. A Consellería de Medio Ambiente insiste en manter a imposición da sanción por importe de 78.000€ pola apertura das gabias, pola falta de reposición do terreo ao seu estado anterior e conseguiente afectación ao medio. O estado actual do terreo desde finais do 2021 é responsabilidade exclusiva da propia Consellería, a través do seu Servizo de Patrimonio Natural da Xefatura Territorial da Coruña. Tal e como se indica no expediente sancionador o Concello debe proceder a reposición da situación alterada pola súa conduta omisiva ao seu estado orixinario, o Concello deberá poñerse en contacto co Servizo de Patrimonio Natural, co obxecto de presentar un proxecto que será autorizado e avaliado pola Xefatura Territorial", informan dende a administración local. O Consistorio remitiu o proxecto a finais do pasado ano, sen que ata o 17 de xuño -día na que se emite o comunicado- se remitise nin autorización, nin avaliación, nin contestación, "impidíndose así ao Concello a reposición do terreo ao seu estado anterior".

Melide arranxa o alumeado público do Camiño de Santiago

Un dos focos LED instalados no Camiño de Santiago. / Foto: C. Melide

O Concello de Melide vén de arranxar o alumeado público de varios tramos do Camiño de Santiago ao seu paso polo municipio.

Con este proxecto, no Carballal instaláronse oito focos LED, no Leboreiro seis e outro na intersección do Camiño coa estrada nacional 547. A maiores, no Camiño Vello de Santiago, km 53, instalouse un cadro de protección e 250m de liña. Logo no Barreiro puxéronse tres focos LED e outros dous en Riocobo.

Os traballos desta intervención tiveron un custe de 13.915 euros.

Melide galardoa ó persoal sanitario e social pola súa labor durante a pandemia

A praza do Convento durante os actos da entrega da Medalle de Melide no día de San Pedro. / Foto: Concello Melide

A vila de Melide celebrou o pasado 30 de xuño o día do seu patrón, San Pedro. Con motivo deste festexo houbo varias actividades musicais e un especial recoñecemento para todo o persoal que traballou en primeira liña para minorar os efectos da pandemia mundial de COVID - 19. Desta maneira, o Concello fixo entrega das Medallas de Melide 2022 a varios colectivos profesionais sanitarios e sociais nun acto conmemorativo na Casa Consistorial do municipio, onde estiveron presentes membros do goberno local e da oposición.

Ademais, a administración municipal fixo pública unha declaración institucional con motivo do recoñecemento ao gran traballo feito polos colectivos sanitarios e sociais durante o máis duro da pandemia, dado que foron persoal imprescindible para facerlle fronte ao virus da COVID - 19. Este escrito foi asinado por todos os representantes dos grupos políticos con representación no Concello.

Nesta declaración sinálanse como galardoados polas medallas desta edición ao persoal sanitario da área melidá, aos profesionais de coidados, axuda a domicilio e dependencia da vila e das residencias da terceira idade de Melide. Tamén se recoñece ao persoal de obras e servizos polas súas tarefas de desinfección dos espazos públicos, así como ás forzas e corpos de seguridade como Policía Local, Protección Civil e Garda Civil. Segundo recolle a declaración, as medallas de Melide premian, a maiores, o traballo do persoal docente e alumnado dos centros educativos, das e dos dependentes de supermercados, farmacias e comercios, así como salóns de peiteado, servizos funerarios, medios de comunicación, estancos e quioscos. Por último, galardóase todo o equipo técnico de servizos sociais das dependencias municipais.

Un recoñecemento merecido polo gran esforzo realizado por todo este persoal durante estes dous anos de pandemia, moitos deles saturados e en condicións de traballo complicadas pola falta de persoal. O período da COVID - 19 debería servir para valorar máis estes profesionais e coidalos.

O Concello de Melide recoñece a todos estes colectivos profesionais a súa entrega e especial exposición aos efectos da pandemia. Dado o elevado número de persoas galardoadas, a entrega das medallas non se levou a cabo de xeito individual. Pola contra, colocouse na entrada da Casa Consistorial unha medalla honorífica e unha placa coa relación de premiados.

Estes colectivos comparten esta distinción local con outras personalidades ou establecementos premiados en anos anteriores como: Casa Juanito, Padres Pasionistas, Autos Puntero, IES de Melide, Biblioteca Municipal Xosé Vázquez Pintor ou o Club de Fútbol Cire.

Concentración en apoio a un pai pola custodia das fillas

Manifesantes presentes na concentración diante do Xulgado. / Foto: Cerne

Onte celebrouse diante do Xulgado Nº1 de Arzúa unha concentración en apoio a un pai melidense pola custodia das súas fillas.

En palabras deste pai, "fai máis de 15 días que acudo a diario diante do Xulgado para facer pública a inxustiza que se está a cometer coa miña familia, dado que hai unha sentenza de custodia compartida sen executarse dende o mes de decembro".

Comezaron as obras de mellora dos accesos ao Campo de Fútbol Municipal

O alcalde e tenente alcalde na zona en obras do Campo da vila. / Foto: C. Melide

Comezaron as obras de mellora dos accesos ao Campo de Fútbol Municipal de Melide, situado na estrada da Golada. Estas actuacións teñen previsto levar a cabo o relevo do pórtico da entrada, onde se colocará unha ampla porta metálica de tres follas, unha delas fixa e as outras dúas corredizas. Pola porta de maior dimensión situarase o acceso de vehículos, sendo a outra máis pequena para os peóns.

Ademais, mudarase o tellado do cuarto de instalacións, instalarase no sitio unha cuberta metálica, de forma que se conte cunha área cuberta no exterior. Introduciranse elementos de seguridade no cuarto de instalacións, como luminaria de emerxencia e un extintor.

Estes traballos inclúen a ordenación dos pavimentos, con este obxectivo introducirase unha banda de formigón entre a escaleira e a costa, delimitando claramente a zona para peonil. Ampliaranse e crearanse zonas axardinadas, eliminando os metros de moqueta de herba artificial existente na actualidade.

O IES de Melide doa dous pupitres para persoas con mobilidade reducida feitos polo alumnado

Os representantes dos centros educativos e a Consellería de Educación na entrega dos pupitres. / Foto: IES de Melide

O IES de Melide doou dous pupitres que incorporan a última tecnoloxía e deseño para persoas con mobilidade reducida, que foron creados e elaborados no taller do Ciclo de Carpintería e Moble do centro de ensinanza da vila. Este foi o proxecto gañador do primeiro Premio de Innovación que convoca a Xunta de Galicia cada curso escolar para a Formación Profesional.

Para facer entrega destes innovadores pupitres, achegáronse ata o CEE Santa María de Lugo, representantes do IES de Melide e do CIFP Politécnico da cidade da muralla, e da Consellería de Educación. Estas mesas eléctricas adaptadas permiten axustar as medidas e posibilidades á persoa usuaria, tamén permite incorporar unha pantalla táctil, ordenador ou outros dispositivos electrónicos.

O proxecto xurdiu debido a necesidades do propio IES pero agora está realizado e mellorado, polo que se converteu unha necesidade nunha solución, unha aprendizaxe inclusiva.

Aberto o prazo para solicitar o servizo de madrugadores para o próximo curso

Cartel do servizo educativo madrugadores. / Foto: Concello de Melide

O Concello de Melide abre o prazo para solicitar o servizo educativo complementario, Madrugadores, para o próximo curso 2022/2023.

As nais e pais interesados en que as súas crianzas usen este servizo teñen ata o 15 de xullo para acudir ao Rexistro municipal a documentación necesaria (DNI, libro de familia, tarxeta sanitaria, a solicitude impresa, un certificado médico en caso de alerxias ou intolerancias e o número de conta). O prezo dos madrugadores é de 40 euros mensuais ou 4 euros en días esporádicos (incluído almorzo no CEIP Nº1 e Mestre Pastor Barral) e 30 euros, 3 en días soltos, no CEIP Martagona e sen almorzo.

Récord de participación nos campamentos de verán da vila con máis de 140 crianzas

Alumnado xogando no campamento de verán no Polideportivo municipal. / Foto: Concello de Melide

Os campamentos de verán de Melide acadan o récord de participación con máis de 140 crianzas entre a iniciativa lúdica e a deportiva organizadas polo Concello.

Os campamentos de conciliación desta época do ano xa comezaron na vila e este ano fixérono con 117 participantes nas actividades lúdicas e 38 nas deportivas. Esta modalidade deportiva é unha das novas desta edición de campamentos, dado que é a primeira vez que se celebra e está a ter unha boa acollida por parte das crianzas de entre 8 e 15 anos, para as persoas interesadas en acudir aínda hai prazas libres. Na modalidade lúdica xa non quedan prazas dispoñibles, nela participan os nenos e nenas de entre 4 e 12 anos que ata o 12 de agosto realizarán diferentes actividades durante as mañás de luns a venres.

A concelleira de cultura, Mayka Basalo, e o concelleiro de deportes, José Prado, valoran moi positivamente a participación acadada e a implicación de todos os cativos e cativas en todas as actividades programadas polo Concello de Melide para estes campamentos destinados á poboación infantil do municipio.

Estas iniciativas son fundamentais para os pais e nais que traballan durante a época estival, dado que os nenos e nenas deixan de ter escola, polo que precisan ferramentas para conciliar a vida laboral e persoal.

O Concello de Melide non é o único en organizar campamentos de verán na nosa comarca, xa que a administración municipal de Toques, Santiso e Sobrado tamén están celebrando as súas correspondentes actividades de conciliación para os máis pequenos. A demanda destes programas para a época estival é alta entre a poboación que en concellos como o de Toques hai cativos e cativas que se quedaron en lista de espera por mor do gran número de participantes anotados, nestes casos teñen preferencia as crianzas empadroadas en dita localidade.

VERÁN CULTURAL

MELIDE 2022

XULLO

Domingo 3 de xullo

DOMINGOS INFANTÍS

PAPORRUBIO. VARIETÉS DEL ANIMALARIO

Espectáculo de marionetas divertido e familiar

ás 12h no cantón de San Roque

Venres 8 de xullo

VENRES DE CINEMA

PINOCHO

ás 22h no cantón de San Roque

Sábado 9 de xullo

NOITES MUSICAIS

ARROUTES

Folk/Tradicional: música da terra.

ás 22h na praza do Convento

Domingo 10 de xullo

DOMINGOS INFANTÍS

UP2DOWN

Danza circo contemporáneo con humor

ás 12h no cantón de San Roque

Domingo 10 de xullo

VERMÚ NO CAMIÑO

LOS MECÁNICOS

Homenaxe a Movida dos 80'

ás 13h na praza das Ichoas

Do 14 ao 29 de xullo, ambos incluidos

EXPOSICIÓN

CRISTIAN ÁLVAREZ

Pintura contemporánea

Sala de exposicións do Centro sociocultural Mingos de Pita

Venres 15 de xullo

PROXECCIÓN DOCUMENTAL

OUTROS CAMIÑOS

ás 22h no cantón de San Roque

Venres 22 de xullo

VENRES DE CINEMA

PADRE NO HAY MÁS QUE UNO 2

ás 22h no cantón de San Roque

Venres 29 de xullo

VENRES DE CINEMA

A PRAIA DOS AFOGADOS

ás 22h no cantón de San Roque

Venres 29 de xullo

NOITES MUSICAIS

CAMIÑANTES E CANTANTES 2022

O musical dos camiños coa participación de Lucía Pérez, Manquiña, Rocío Caamaño e moitos mais

ás 23h no Aparcadoiro da Avd. da Habana

Sábado 30 de xullo

NOITES MUSICAIS

ANTÍA MUIÑO

A nova musa da canción galega

ás 22h na praza do Convento

Domingo 31 de xullo

DOMINGOS INFANTÍS

A BANDA DAS APERTAS

Pop, Rock, Funk e Rumba para cantar e disfrutar en familia.

ás 12h no cantón de San Roque

Domingo 31 de xullo

VERMÚ NO CAMIÑO

IRIA ESTEVEZ

Camiños do Fado: música do noso mar Atlántico

ás 13h na praza das Ichoas

AGOSTO

Do 5 ao 19 de agosto ambos incluidos

EXPOSICIÓN

YASUHIRO YOTSUMOTO

Fotografía

Sala de exposicións do Centro sociocultural Mingos de Pita

Venres 5 de agosto

NOITES MUSICAIS

EVE CORNELIOUS

Jazz, Funk, Soul, Blues e R&B dende New Yersey

ás 22h na praza do Convento

Domingo 7 de agosto

VERMÚ NO CAMIÑO

PABLO BALSEIRO

Música en estado puro: Rumba, guateque e rock

ás 13h na praza das Ichoas

Sábado 13 de agosto

NOITES MUSICAIS

NINO COSTOYA

Guitarra acústica moderna fingerstyle percusiva

ás 22h na praza do Convento

Domingo 14 de agosto

DOMINGOS INFANTÍS

N+1 TEATRO. CUACAC!

Teatro, circo e danza

ás 12h no cantón de San Roque

Domingo 14 de agosto

VERMÚ NO CAMIÑO

OS PIÑEIROS

Tributo ao pop-rock de sempre

ás 13h na praza das Ichoas

Domingo 28 de agosto

DOMINGOS INFANTÍS

MAGO NOEL

Espectáculo de maxia colorido e divertido.

ás 12h no cantón de San Roque

SETEMBRO

Domingo 4 de setembro

VERMÚ NO CAMIÑO

PEPE PIÑA

Con moito ritmo: de Joe Cocker aos Ronaldos

ás 13h na praza das Ichoas



Concello de Melide

Deputación DA CORUÑA

NUTRIPOR
NUTRIMENTOS PORCINOS, S.A.

POL. MADANELA, PARC. 18-19
15800 MELIDE - A CORUÑA
TEL. 981506470 FAX. 981506471
comporsl@telefonica.net

TRANSPORTES SIERRA

Transporte de vehículos nuevos y usados por Europa

Parque Empresarial A Madanela, nave 79-80
Melide (15800) - A Coruña
Teléfono: 610 52 34 50
transierra.es

BOMBEOS CABADO

rosacabado.rcm@gmail.com
www.bombeoscabado.com
667 48 79 65

MOTOR MELIDE SPORT

www.motormelide.com

O servizo de Coidados porta a porta visita o municipio de Sobrado

Un dos autobuses do servizo de Coidados porta a porta que visita as vilas galegas. / Foto: Xunta de Galicia

O servizo de Coidados porta a porta, da Xunta de Galicia, visita o concello de Sobrado este mes de xullo os días 12, 13 e 14. Este autobús sociosanitario situarase no aparcadoiro do Centro de Saúde do municipio. As persoas maiores de 55 anos interesadas en acudir a este servizo poden pedir cita no teléfono 622 74 82 83 ou no 623 54 69 92 e no correo electrónico coidadosportaporta.politicasocial@xunta.gal para calquera das especialidades albergadas neste espazo que son: podoloxía, audioloxía e estimulación da memoria.

Na consulta de podoloxía faise unha valoración do estado xeral do pé, un corte e limpeza de uñas, eliminación de durezas, callos e helomas. O servizo de audioloxía conta cunha valoración e exploración funcional da audición e prevención da perda. Por último, o apartado da estimulación da memoria, onde un ou unha profesional lle realizará ao paciente unha valoración cognitiva e proporcionará pautas dende unha perspectiva terapéutica de como previr e a minorar un deterioro, en caso de telo.

Todos os servizos deste autobús de Coidados porta a porta son gratuítos. Esta nova iniciativa do goberno autonómico visitará todos os concellos galegos, agás as sete grandes cidades.

O obxectivo do Coidados porta a porta permite achegar ás persoas de máis de 55 anos revisións e valoracións de profesionais en varias áreas sanitarias sen que os e as pacientes teñan que trasladarse a outra localidade para ir a unha consulta destas especialidades, o que en moitas ocasións para persoas maiores ou dependentes pode supoñer un gran obstáculo.

En total serán oito os autobuses que percorrerán as diferentes vilas galegas, ao mesmo tempo, para ofrecer estes servizos. A inversión realizada para este proxecto de Coidados porta a porta é de case 10 millóns de euros.

No mes de xullo os Coidados porta a porta tamén estarán en: Friol, o 18, 19, 20 e 21; Palas de Rei, o 21, 22, 26 e 27; Boimorto, o 28, 29, 1 e 2; Toques, os días 29 de xullo e 1,2 e 3 de agosto; e, por último, o 3, 4, 5 e 8 en Melide. Os lugares nos que se asentarán os autobuses nestas localidades comunicaranse días antes para que os pacientes poidan acudir á súa cita.

TU 2º Y 3ER PAR DE GAFAS POR 1€ MÁS*

Tchin Tchin
AFFLELOU
ÓPTICO

C/ RONDA DE CORUÑA, 16
MELIDE (E-15-0012058) - 981 50 60 97

* Promoción válida del 1/06/2022 al 4/09/2022 en todas las ópticas de ALAIN AFFLELOU de España y Andorra. Ver condiciones en óptica o en afflelou.es.

Tempada alta de actividades no Museo da Terra de Melide

Un tramo da exposición de pintura da artista coruñesa María José Rodríguez. / Foto: Museo da Terra de Melide

O Museo da Terra de Melide comeza a súa tempada alta de actividades con exposicións, roteiros pola vila, presentacións de libros e moitas máis.

Durante o mes de xullo, o Museo acolle unha ampla programación na que podemos destacar: a exposición de pintura da artista coruñesa María José Rodríguez. Trátase dunha mostra na que a través de distintas técnicas de pintura e reciclaxe podemos contemplar un abano de cor e beleza. Nesta mostra as ilustracións e cadros transpórtannos a diferentes lugares de Galicia en xeral e do Camiño de Santiago en particular, todo dende a perspectiva da autora coruñesa.

María José Rodríguez define esta exposición como: "o motivo desta exposición é o meu amor a Galicia, e a este Camiño das Estrelas que dende tódolos recunchos do mundo nos achegan xentes de tan diversos e alonxados lares, ou de preto, pero que senten a maxia do Camiño. Esta peregrinaxe que nos achega a outras culturas e a outros xeitos de vivir e facer as cousas. Esta mestura de xentes fai que vaiamos tecendo culturas na procura dun saber máis humano e universal. Hai máis motivos para realizar esta exposición, o meu amor pola arte que me move a estar sempre coa creatividade a flor de pel. Tamén motivos pedagóxicos, coa arte pódese ensinar a respectar o entorno".

Outras das actividades serán a presentación de varios títulos como: 'La mirada horizontal. Historias sin hogar de un educador social', de David Vázquez, autor catalán pero con raíces no concello veciño de Palas de Rei; e 'A relevancia do Reino galego medieval' do filólogo e crítico literario Francisco Rodríguez Sánchez. O xoves 14 ás 20:30 horas será a primeira presentación e a mediados de agosto a segunda, ambas na sala de conferencias do Museo da Terra de Melide.

Ademais, e como xa vén sendo habitual dende hai uns anos, o persoal do Museo organiza varios roteiros durante os meses de verán para que os visitantes e a veciñanza interesada fagan un roteiro guiado pola historia e arte do municipio, reparando tamén nos principais acontecementos que aparecen recollidos nas fontes documentais. Esta actividade é de balde e dura, aproximadamente, unhas tres horas.

As Festas do Carme de Melide celébranse esta fin de semana

As e os devotos na procesión da Festa do Carme no ano 2019. / Foto de arquivo

As Festas do Carme de Melide celébranse esta fin de semana con diversas actividades e coa actuación de varias orquestras.

O venres 15, ás 20:30 horas será a procesión acompañados por Os Melidaos, ás 21:00 horas misa cantada pola mesma formación. A verbena comezará ás 23:00 horas coa orquestra Saudade de Vigo. O sábado 16, ás 12:00 horas haberá misa solemne, procesión coa Charanga Támega e a Banda de Música de Vilatuxe. Ás 20:00 horas actuación da Charanga Támega e a verbena con Suso de Boente e orquestra Magos. O domingo ás 21:30 horas haberá o II Certame de bandas de música coas de: Merza, Silleda e O Rosal. Pecha a festa a orquestra Trébol.

Abertas as piscinas e áreas recreativas da comarca para desfrutar dos meses de verán

A piscina municipal na parroquia de Visantoña no Concello de Santiso. / Foto de arquivo

Abertas as piscinas e áreas recreativas da comarca da Terra de Melide para que a poboación poida desfrutar dos meses de verán.

Os catro concellos da contorna foron confirmando ao longo destes días a apertura das súas piscinas e áreas recreativas para a época estival. En Melide temos a piscina e área recreativa de Furelos, o horario das instalacións é de 12:00 a 20:00 horas. No concello de Santiso, a piscina de Visantoña de 16:00 a 21:00 horas e a área recreativa da Cornella. En Toques a piscina municipal e na vila de Sobrado a área fluvial da Pontepredra.

Un socio de Asetem entre os organizadores do Master Series Pádel no Camiño

Mulleres da Asociación Catasol xunto a súa mostra de labores. / Foto: M.T.M

Un socio de ASETEM - CCA, Rodrigo Fernández de Seguros Bilbao, entre os organizadores do Master Series Pádel no Camiño. Un evento que pretende unir a práctica deportiva e cultural, tomando como fío condutor o nexo de unión os diferentes Camiños de Santiago, todo isto enmarcado no Xacobeo 21-22.

O deporte do pádel non deixou de medrar na nosa comunidade nos últimos anos, de feito, as cifras sinalan que dous de cada dez persoas que practican deporte en España apostan polo pádel.

Dende a organización deste evento comentan que "o Master Series Pádel no Camiño permitirá o intercambio de experiencias e convivencia entre afeccionados a este deporte da comunidade autónoma galega e o norte de Portugal. Estableceéndose, desta maneira, sinerxías entre ambos territorios".

Ademais de practicar o deporte estrela do evento, o pádel, dende a organización afirman que se "realizará a última fase dun evento deportivo e cultural, que pretender converterse nun referente". Unha iniciativa que permite poñer no foco as vilas polas que pasa o Camiño de Santiago.

Cora Ayude acada a cuarta posición nos mundiais de loita

Cora Ayude no mundial de loita na praia en Sanxenxo. / Foto: E. Ayude

A deportista da comarca, Cora Ayude, acada a cuarta posición nos mundiais de loita na praia, celebrado en Sanxenxo o pasado mes.

Cora Ayude, membro da Escola Ayude e da Selección Española, participaba por primeira vez nunha cita deportiva internacional desta disciplina polo que a valoración do resulta é, sen dúbida, moi boa. De feito, tal e como comentan dende a Escola Ayude, Cora "gañoulle á rumana campioa do mundo en doce segundo, apartándoa da competición cunha técnica que se propuxo como a mellor do campionato pero que finalmente non acadou os votos.

Hórreo en Catasol de Arriba

TIÑAS IDEA?

O hórreo situado na aldea de Catasol de Arriba (Melide). / Foto: abeancos.gal

Se oímos falar da aldea de Catasol, a gran parte da veciñanza de Melide, pásasenos pola cabeza os dous muíños fariñeiros coñecidos como o de Martín e o de Celestino. Non obstante, en Catasol de Arriba tamén podemos atopar un gran hórreo de tres estremas, duns once metros de lonxitude e desenvolto no eixo norte -sur. Este hórreo semella estar concibido para tres propiedades diferenciadas, posto que conta con tres accesos independentes, traducidos no mesmo número de portas e escaleiras de pedra que se integran na cepa ou no muro corrido de basamento do mesmo, sobre o que se apoian os catro pés ou perpiaños que sustentan a cámara do hórreo.

A pesares de non coñecerse a historia deste hórreo melidense a súa faciana externa e o estado diferenciado de mantemento das súas tres partes inducen a pensar que a propiedade debe seguir sendo diferente.

A parte meridional é a que se conserva un estado máis coidado e actualizado, posto que as carpinterías de madeira aparecen pintadas e a cuberta do tellado con tella renovada. A parte central, á que se accede mediante unha porta lateral en asociación a un tramo de escaleira de pedra acaroado ó basamento corrido da cepa, debéuselle anexionar á estrema sita na banda norte, posto que a continuación do seu remate aparece outra escaleira de pedra acaroada á cepa que debeu servir de acceso a unha porta nese extremo, a non ser, que dita escaleira servira de entrada a un segundo hórreo situado de seguido do mesmo, dado que resulta curioso que na mesma cepa continua, se construíran tres escaleiras diferenciadas. A segunda das hipóteses podería ter sentido, entendéndose que a estrema da banda norte sexa unha prolongación serodia da central, toda vez que o seu pé e tornarratos son novos e realizados en cemento, e porque onde debera situarse a porta atopamos un espazo tapiado e revocado de cemento, que corresponde tanto á existencia dunha porta inutilizada ou a un trasteiro pechado xa de orixe.

O conxunto do hórreo resposta ás pautas propias da comarca da Terra de Melide no que se conxuga o emprego da pedra para os elementos sustentantes e de carga da cámara coa carpintería de madeira para os xugos, mesas, ladeiros laterais, portas e armazón do tellado. Neste hórreo sitúase sobre o cumio do tellado, no seu extremo sur, unha cruz de ferro realizada en forxa.

O basamento do hórreo está reliazado en aparello de cachotaría concertada co emprego de grandes pedras irregulares cun sistema de racheado a óso.

FROITO NOVO, 50 ANOS FACENDO HISTORIA

O sábado 6 de agosto Froito Novo celebra o seu 50 aniversario na música tradicional galega

Se pensamos nun grupo de referencia na música tradicional na comarca da Terra de Melide, entre outros, está Froito Novo. É despois da Banda de Música de Visantoña, a formación musical en activo máis antiga da contorna e para festexar a súa chegada ao 50 aniversario o vindeiro sábado 6 de agosto no Centro Sociocultural Mingos de Pita ás 20:00 horas celebrarase un acto moi especial cheo de grandes músicos tradicionais de Melide e arredores.

Na celebración dos 50 anos de Froito Novo actuarán: a Coral Polifónica de Melide, Herba Grileira, Pozo Pequeno, Suso Ascariz, Gaiteiros O Balado e, como non podía ser doutro xeito, Froito Novo. Para os integrantes destes grupos é moi especial esta participación dado que moitos deles formaron parte, en diferentes momentos, de Froito Novo; dado que esta formación foi dende os seus inicios unha canteira de grandes profesionais da música tradicional galega. Para rematar o acto, moitos do integrantes que formaron parte de Froito Novo tocarán todos xuntos para poñerlle o punto é final do mellor xeito a unha gran celebración. Ademais, durante o evento do 50 aniversario sortearanse uns zocos de Elena Ferro entre os números das rifas que a organización vende a 2,50 euros, unha maneira máis de apoiar a esta grupo.

Outra actividade complementaria ao concerto que a agrupación está a organizar para festexar o aniversario é unha exposición fotográfica, titulada Froito Novo 50 anos de lembranzas, que se localizará no baixo da Casa Consitorial da vila de Melide, a partir do luns 8 de agosto.

Os integrantes do grupo de música tradicional Froito Novo hai uns anos en Melide. / Foto: Froito Novo

Esta formación melidá de sons tradicionais acumula varios galardóns que recoñecen o bo traballo feito polo grupo ao longo deste medio século pola música do país. Unha destas distincións conseguidas neste tempo é a Medalla de Ouro de Melide no ano 2014, Embaixadores do Melindre e a repostaría tradicional no 2012 e tamén protagonistas da XXIII Semana da Música da Terra de Melide, e por último, en 1998 o Concello ponlle o nome Froito Novo dunha rúa da vila. Con motivo deste 50 aniversario, Froito Novo tamén recibiu un detalle por parte da Asociación Deportiva Cerne o día da media maratón 'Os 21 do Camiño', como recoñecemento a aportación que esta formación fixo ao longo do tempo a música tradicional da comarca e do panorama autonómico.

Para a veciñanza de Melide e municipios limítrofes Froito Novo é moito máis que un grupo de música tradicional. Moitas veciñas e veciños de idade media deron os seus primeiros pasos no mundo musical e do baile nesta formación alá polo 1972 cando se reunían para dar clases de gaita, da man do mestre melidense Gabriel Mato, e de baile galego no convento dos Padres Pasionistas da vila. O éxito de Froito Novo non se fixo agardar, dado que 1974 xa deron unha xira de concertos polas Illas Canarias e ao ano seguinte por diferentes cidades europeas como Xenebra, Lousame ou Berna. Non foi ata o 1976 cando a formación grava o seu primeiro disco que levaba por nome 'Esperta Galicia'. Logo deste viñeron outros dous máis titulados, 'Homenaxe aos gaiteiros populares galegos' e 'Os nosos éxitos'.

Durante toda esta traxectoria musical de Froito Novo hai unha persoa que que o viviu todo, dende o primeiro momento e ata a actualidade, o gaiteiro Ramón Martínez. Un veciño do municipio que se amosa orgulloso e ledo de poder dicir que é "o único membro do grupo que leva os 50 anos nel sen deixalo en ningún momento". O feito de que unha agrupación teña medio século de vida ininterrompida xa ten un gran mérito pero que ademais conte cunha persoa que formou parte do proxecto dende os seus inicios ten un valor e mérito especial por todo o que supón.

Froito Novo tamén foi berce ou o xermolo doutras agrupacións musicais tradicionais que xurdiron en anos posteriores, dado que moitos dos músicos que naceron profesionalmente en Froito Novo logo crearon novos grupos nos que seguir desenvolvendo a súa traxectoria.

Para a vila de Melide é un orgullo contar cunha formación musical tan lonxeva, a segunda máis antiga da comarca, dado que gaña a Banda de Música de Visantoña con 145 anos de historia. Unha mostra da gran canteira que é a comarca da Terra de Melide para a música tradicional galega dende hai anos e que segue sendo na actualidade.

O vindeiro sábado 6 de agosto pola tarde é unha oportunidade de desfrutar da nosa música e festexar a lonxeva e exitosa historia do grupo Froito Novo que pon no mapa e achega a vila a outros lugares nos que a nosa cultura é máis descoñecida. Longa vida a Froito Novo, por outros 50 anos facendo desfrutar ao público da súa música e o seu gran talento.

Membros de Froito Novo hai varios anos logo dunha actuación. / Foto de arquivo

O Cire remata unha temporada exitosa e ilusionante

Os ascensos de Infantís e Xuvenís a Primeira Autonómica reforzan a idea de potenciar as categorías base do club

"Cando empezou esta temporada 2021/2022 todo eran dúbidas de cara á competición, debido á situación sanitaria pola COVID", aseguran desde a directiva do CIRE. As competicións nas distintas categorías de fútbol prantexáronse, dende a Federación Galega, de maneira diferente ao habitual -máis grupos de menos equipos- para tratar de evitar ter que parar por contaxios. Afortunadamente a case normalidade foi a tónica todo o ano deportivo. O CIRE presentouse a competir con 6 equipos: Benxamíns, Alevíns, Infantís, Cadetes, Xuvenís e Seniors.

En canto aos Seniors, fíxose unha temporada digna. O equipo non foi capaz de xogar a fase de ascenso porque se cadra o nivel do mesmo non era para iso, e porque as circunstancias negativas en forma de lesións e cadro de xogadores quizais un pouco xusta tampouco axudaron. Na loita pola permanencia o grupo deu un paso adiante e, xa con máis efectivos dispoñibles, salvou os mobles con bastante superioridade. A aportación dos xuvenís xa foi este ano moi interesante. Para a próxima temporada, a promesa desde a directiva e corpo técnico é de que se intentará facer mellor.

O equipo de xuvenís durante a celebración do ascenso. / Foto: Cire

Desde o primeiro momento a sensación era que os xuvenís tiñan equipo con posibilidades de acadar o ascenso. Neste sentido, Diego Miragaya, adestrador e coordinador deportivo do club, destaca que "máis alá das capacidades técnico-tácticas dos xogadores a calidade humana do grupo foi o factor diferencial que lles fixo competir a un gran nivel toda a temporada e lograr os obxectivos dun xeito tan destacado".

A temporada dos xuvenís foi espectacular: nin un só partido perdido, goles, ilusión, afección, grupo humano excelente... O resultado: ascenso a Primeira Autonómica e un pasiño máis para que a competitividade do equipo mellore o ano que vén.

A colleita de éxitos tamén afectou aos Infantís. A superioridade e falta de competitividade na primeira fase invitaba a pensar que a fase de ascenso sería dura. E así foi, porque os inicios foron dubitativos pero o equipo reaccionou moi ben e facendo un *"rush final"* impecable tamén conseguiu o ascenso a Primeira.

En Primeira xa están os Cadetes, e conseguiron o obxectivo: a permanencia. Esta foi unha temporada na que competiron moi ben contra rivais, en teoría, moito máis fortes. A temporada que vén, "o obxectivo do grupo seguirá sendo o mesmo manter a categoría pero nunha liga de 18 equipos será importante tratar de ser máis regulares e facer da nosa casa un fortín e por suposto seguir apostando pola mellora individual e a formación dos xogadores", fai fincapé Diego Miragaya.

No resto das categorías da base traballouse moito e moi ben, con resultados dispares ao longo da temporada. Certo é que aquí, como indica Diego, "nestas idades o resultado non debe ser un indicador do rendemento, centrámonos moito na mellora técnica, nos principios tácticos individuais e en inculcarlles aos rapaces adherencia polo adestramento para evitar o abandono en etapas posteriores".

Ademais, Miragaya tamén sinala a este respecto dos máis pequenos, que para esta temporada "quedounos cravada a espiña de non poder facer equipo prebenxamín, a próxima teremos de novo equipo na categoría, as xornadas de portas abertas foron un éxito e permitíronnos xuntar os suficientes nenos e nenas ".

Por último, a directiva do CIRE quere dar as grazas a todas as persoas que queren e apoian ao club, ás institucións (Concello, Deputación e Xunta), aos patrocinadores e colaboradores porque "nos fan moita falta. Aos socios/as porque con esa pequena aportación fan que un pouquiño de moitos sexa máis".

Que non falte o deporte, é moi necesario e tamén é gratificante.

O grupo da categoría infantil no partido contra o Lalín. / Foto: Cire

PATROCINADORES:

COLABORADORES:

Ti en que traballas?

Dicía o escritor e xornalista Kapuscinski que para ser bo xornalista hai que ser boa persoa, só así se pode comprender a posición dos demais, as súas traxedias. Esta premisa probablemente poida ser aplicable a outras moitas profesións, sobre outras cualidades previas necesarias, mais penso que é doado caer na trampa -ao meu ver- de mesturar, coma se fose unha mesma, a vida persoal coa vida profesional.

Estes días tiven unha conversa cunha fantástica conversadora, da que sempre extraio ideas para a reflexión e incluso temas para escribir aquí, no Cerne. Falábame da súa estrañeza porque certos profesionais fosen -ao seu ver- incoherentes na súa vida persoal con aquilo que predican e exercen a diario na súa vida profesional. A cousa deu para longo e interesante debate sobre o que hoxe quería escribir.

A evolución dos traballos e das profesións nos últimos anos, e a importancia que lles damos fixeron que hoxe califiquemos e etiquetemos ás persoas por aquilo ao que se adican. A min paréceme triste que o respecto cara a unha persoa, o xeito de tratala, e o tipo de conversa que mantemos (o ton) varíen en función de se sabemos que esa persoa se adica á ensinanza, ás vacas, aos camións, á medicina ou a vender queixos. Pero ocorre. Temos tan -tristemente- interiorizado que somos aquilo ao que nos dedicamos, que o habitual cando coñecemos a alguén novo, despois de preguntarlle polo nome, é preguntarlle "e ti a que te dedicas?". Hai tantas circunstancias que nos sitúan nos traballos que temos, e tan poucas que teñan que ver co que realmente somos, que penso que os traballos deberían ser considerados sempre un xeito de gañar a vida, o trámite necesario para manter unha economía, pero nunca aquilo que condicione a nosa vida, porque de ser así estariamos evidenciando que a temos baleira, e que só desfrutamos daquilo polo que nos pagan. Non está isto enfrontado á marabilla de que nos gusten os nosos traballos, que nos sintamos ben exercéndoos, e que por suposto sexa unha parcela da vida na que tamén busquemos a eficiencia, o orgullo propio polo traballo ben feito, e a felicidade.

Pero de aí a que teñamos que rexer os valores da vida persoal polos mesmos derroteiros polos que levamos a vida profesional, creo que hai un treito longo. O avogado, excelente nos seus casos, pode ter serios problemas legais na súa vida. A mestra excelente pode non ser a mellor educadora dos seus fillos. O psicólogo con moita lista de espera polo seu bo facer pode estar sumido nunha fonda depresión, e o xornalista que escribe unha columna que lle encargan a favor do goberno pode votar acerrimamente á oposición. E todos ser grandes profesionais, e humanos cos seus dramas e os seus corazóns. Non creo que esa sexa incoherencia, porque sempre é máis doado amañar o mundo dos outros ca o propio, e porque somos moito máis ca aquilo ao que nos adicamos. Se cadra tiñamos que ir pensando noutra pregunta distinta ao "en que traballas?" para facerlle a alguén que acabamos de coñecer, sacarlle a etiqueta, e deixar que as persoas falen por si mesmas."

Vanesa de Quinzán

JOSÉ RAMÓN VILLAMOR, XOIERÍA ORO LEY

“Para a clientela que a xoiería e reloxería conte cun taller propio é un gran valor engadido”

Ramón Villamor leva máis de vinte anos traballando no gremio da reloxería e xoiería, un mundo que lle apaixoa dende cativo e no que traballa cada día por ter máis e mellores coñecementos. Un gremio que, coma tantos outros, sofre a falta de relevo xeneracional, un dos seus grandes problemas actuais. A Xoiería Oro Ley atópase na rúa San Pedro de Melide, en pleno corazón do municipio.

Ramón Villamor, responsable do establecemento Xoiería Oro Ley, durante a entrevista. / Foto: Cerne

- Que te levou a empezar no mundo das xoias?

- Ramón Villamor: Pois o sector gustábame moito xa dende pequeno polo que en canto puiden empecei a estudar e traballar en varios establecementos dedicados ás xoias na cidade da Coruña onde puiden aprender moito sobre este gremio. Logo, cando xa fun máis maior decidín vir para Melide porque nacín aquí preto, no concello de Toques, e preferín seguir a miña traxectoria profesional no municipio, desta decisión naceu Xoiería e Reloxería Oro Ley.

- Contas con anos de experiencia no sector así que podes facernos unha boa análise da situación actual deste tipo de negocios.

- (R.V): No gremio das xoierías os mellores anos foron as décadas dos oitenta, noventa e principios do dous mil. Durante este período de tempo houbo momentos moi bos, nos que a xoiería era un referente. Non obstante, na actualidade a situación é diferente porque hai anos as mulleres, especialmente, presumían das súas xoias que lles regalaban pero agora hai persoas que o seguen facendo máis non tantas como nos mellores anos das xoierías. Un dos problemas polo que penso que non se lles dá tanta importancia ou valor é porque houbo unha época na que o valor do ouro se estancou e iso non é bo, o que ten que facer é subir. O ouro ten que ter valor. Historicamente cando regalabas unha peza de ouro sabías que estabas dando algo de valor e certa categoría. Se as cousas que regalas non ten valor non vas presumir delas. O sector da xoiería estase recuperando e creo que se volverán aos bos tempos.

- Coa volta dos eventos, recupéranse paralelamente as vendas?

- (R.V): Si, totalmente. As xoias seguen a ser un bo regalo para este tipo de celebracións. Ademais, teño clientela á que lle gusta moito o ouro e como ao que lle gusta viaxar, ti vas gastar no que che gusta.

- As vendas regresaron aos niveis anteriores á pandemia?

- (R.V): Si, no meu caso si. A maioría das xoierías o seu peor momento foi na crise do 2008 porque o poder adquisitivo da xente minguou moito pero no caso da pandemia, que si se notou, a poboación puido aforrar e agora ten cartos dispoñibles para gastar, o problema virá despois de toda esta suba. Non obstante, neste momento pódese dicir que se recuperaron os niveis de venda anteriores á chegada da COVID.

- Falabas da suba de prezos, afectaron tamén ao gremio das xoias?

- (R.V): No que é o produto non afectou porque o prezo do ouro non se move pola inflación. O valor do ouro vai por outros métodos, especulouse moito con el e agora hai países que teñen moita cantidade de ouro e non lles interesa que baixe porque é unha riqueza. Tal é como están plantexadas as cousas a nivel mundial o valor do ouro vai seguir subindo porque, a maiores, cada vez hai menos. Por poñerche un exemplo, hai vinte e un anos cando empecei no gremio, un quilo de ouro valía 10.000 euros e hoxe xa está en 55.000 euros.

- A calidade nas xoias é un dos grandes factores a ter en conta.

- (R.V): Si, calidade da xoia é fundamental. A clientela pode comprobar moi fácil se a peza é de calidade ou non, no caso de que sexa de ouro, xa que cada unha ten un contraste por lei, unha marca onde pon 750 e o nome do fabricante. Na actualidade é moi difícil que te estafen nunha xoiería.

- Que artigos demanda máis a clientela?

- (R.V): En reloxería os smartwach sen dúbida. En ouro e prata xoias que sexan finas, especialmente para a mocidade que a poboación que máis lles costa entrar neste tipo de establecementos. Na xoiería as tendencias non é como no téxtil porque a unha persoa que lle gusta o ouro gústalle, a tendencia non lle importa.

- Hai relevo xeracional no sector da xoiería e reloxería?

- (R.V): Non hai relevo xeracional e é un dos grandes problemas do gremio. Este é un negocio arriscado porque estamos moi expostos e temos feita unha gran inversión que hai uns anos non se recupera na súa totalidade. Na xoiería non hai relevo, de feito, pódoche enumerar unha gran cantidade delas que funcionaban moi ben e tiveron que pechar porque non había quen as collera.

- Que é o máis importante para manter un establecemento como Xoiería Oro Ley?

- (R.V): O servizo post venda é máis importante que a propia venda, xa que nel tes que ser eficaz ao 100%. O traballo de vender é relativamente fácil porque se es bo vendedor non vas ter fallo, agora solucionar problemas non é tan sinxelo. No noso caso ao ter taller temos que responsabilizarnos do produto que vendemos, o que compras nunha xoiería ten que dar un bo resultado e ti como profesional tes que ser responsable desa peza. O feito de ter taller é fundamental, é máis, penso que o futuro da xoiería pasa porque a xente sexa profesional do sector. Se ti sabes como se fai unha peza ou amaña podes dar outro asesoramento que non unha persoa que só é vendedor porque coñeces mellor os materias e como responden. Por este motivo, para a clientela que a xoiería ou reloxería conte cun taller propio é un gran valor engadido. Ademais, son un dos poucos xoieros da comarca que fai pezas dende cero, a clientela pode traerme unha foto dunha xoia que lle guste e eu no taller podo facerlla sen problema.

Xoiería Oro Ley
Rúa San Pedro, 14
15800, Melide
Tlf: 981 50 54 68

PRUEBE LO ÚLTIMO EN AYUDAS AUDITIVAS

Y DISFRUTE DE LA MÁXIMA CALIDAD Y DISCRECIÓN

Todo combinado en una sola pieza tecnológica

Instituto de la Sordera

AL MISMO PRECIO QUE EN EL AÑO 2021

SOLO durante este mes

Recargar y disfrutar

Las pilas ya son historia, la nueva tecnología del futuro es recargable

E-15-001359

Instituto de la Sordera

Ronda da Coruña, 34 • 15800 Melide. A Coruña

Tel.: 981 50 72 87 - 648 75 47 61